



**Keina González**  
Socia co-fundadora  
Siente Galicia

Siente Galicia



// Sector  
Turístico



// Localización  
Lugo



// Ano de constitución  
2011



// N° empregados  
7

## // Descrición da empresa

SienteGalicia.com é unha web de reservas en liña de venda de escapadas, vacacións e experiencias de ocio, especializada na comunidade galega. Ofrece múltiples alternativas para gozar do lecer e do tempo libre, organizadas por temáticas (gastronómicas, rurais, termais, hoteis con encanto etc.).

Cada proposta complétase cunha información integrada da zona, coa posibilidade engadida de que cada persoa usuaria encontre experiencias doutras ou achegue as súas propias.

*"O servizo Re-acciona TIC foi moi positivo, pois investimos en tecnoloxía, o cal reverte na rendibilidade empresarial"*

Keina González. Socia co-fundadora de Siente Galicia

## // Descrición do proxecto

Siente Galicia detectou a necesidade de apoio tecnolóxico para ser máis áxiles en todos os seus procesos internos para evolucionar dunha maneira moito máis óptima. Eran conscientes das súas limitacións por non dispoñer dun sistema integral, o cal convertía todos os seus procesos anteriores en tarefas pesadas e demasiado laboriosas, e restaba tempo para os asuntos importantes da empresa. Este foi o principal motivo para solicitar o programa.

A solución que adaptaron xunto co axente colaborador foi un software na nube que actúa como unha ferramenta de mercadotecnia relacional, isto é, un sistema que almacena información da súa clientela. A ferramenta centraliza os seus procesos de vendas, marketing, servizos e xestión, e personaliza diversas partes para que se adapte o mellor posible á realidade da empresa.





## // O resultado

Siente Galicia conseguiu, grazas á súa participación no programa, unha gran mellora na súa xestión diaria así como organizativa e de control da información, e facilitou o coñecemento e a relación coa clientela.

Tamén perfilaron e levaron a cabo unha solución tecnolóxica para realizar, dunha maneira máis produtiva, procesos da súa xestión diaria (CRM e ERP), xa que, sen o uso destas ferramentas, os procesos das organizacións perfilanse máis complexos, ademais de que o control da información non sería adecuada.

En definitiva, lograron desenvolver unha mellora tecnolóxica dos sistemas e procesos que tiñan, o cal lles permitiu centralizar toda a información de clientes, vendas e provedores. Deste xeito, e grazas ao programa, contan cun sistema polivalente e personalizado á vez, con gran capacidade de segmentación e análise da información da empresa, e con datos económicos e administrativos integrados.

***“O servizo Re-acciona TIC supuxo que nos parásemos a pensar para analizar aquelas debilidades que internamente tiñamos na empresa”***

Keina González  
Socia co-fundadora de Siente Galicia



// Web

<https://www.sientegalicia.com>



// Vídeo

Ver video

## Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.